

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2005

Ás 10 horas en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, na Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **ANEXO II**. Desculpan a súa asistencia a Sra. Vicerreitora de Investigación, Concepción Herrero López e os Sres. Navarrina Martínez, Casteleiro Maldonado, González Cabanach e Cao Abad.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor informa das reunións das subcomisións para o deseño das titulacións e do pleno da CRUE celebrado o 19 de abril de 2005, en que se puxeron en común as conclusións das distintas subcomisións. O 26 de abril reuniuse a subcomisión de técnicas, na que a UDC está representada, que parte dunha idea xeral en torno aos 240 créditos e estuda a posible excepcionalidade de Arquitectura, debida á normativa europea. Informa do atraso na finalidade dos traballos.

O Sr. Reitor dá a palabra ao vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica quen informa que consonte a base 9ª “Competencias”, apartado 2, parágrafo primeiro das Bases de Execución do Orzamento de 2005, a Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno, na súa reunión do 4 de abril de 2005, validou expedientes de gasto e a súa correspondente imputación a créditos de 2005 de obrigas xeradas en exercicios anteriores ou no exercicio corrente por un importe global de 39.820,01 euros. Segundo a mesma base e o mesmo apartado, no seu parágrafo segundo, o vicerreitor imputou expedientes de gasto a créditos de 2005 de obrigas xeradas en exercicios anteriores por un importe global de 1.656.200,89 euros. A Comisión de Asuntos Económicos foi xa informada desta imputación.

O Sr. Reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa quen informa de que o 17 de marzo de 2005 asinou no Concello de Ferrol un convenio entre a Universidade da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se acorda a apertura ao público en xeral das zonas axardinadas do campus de Esteiro, de xeito que o concello se compromete á limpeza do campus as fins de semana e os festivos, á vixilancia da Policía local e á sinalización das diferentes entradas ao campus. A universidade comprométese a manter o actual servizo de vixilancia no campus as 24 horas do día e a responsabilizarse da súa iluminación. O día 11 de abril de 2005 asinou no salón de graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais un convenio entre a Universidade da Coruña e a Fundación Caixa Galicia polo que se acorda crear a Cátedra Fundación Caixa Galicia na Universidade da Coruña. A cátedra prestará apoio específico á difusión de actividades relacionadas coa creación de empresas de base tecnolóxica, ao establecemento de mecanismos que faculden a transferencia de tecnoloxía entre a UDC e as empresas, á incorporación dos/as licenciados/as da UDC no tecido empresarial e na promoción da presenza efectiva da

UDC en parques empresariais e tecnolóxicos e en iniciativas semellantes. Para o ano 2005 están previstos tres tipos de actividades: un ciclo de conferencias sobre innovación, a organización de seminarios e xornadas relativos á xestión de coñecementos e á innovación (catro como mínimo), e un premio á innovación tecnolóxica destinado a galardoar a mellor iniciativa empresarial de base tecnolóxica xurdida da UDC. A primeira conferencia tivo lugar no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, despois do acto da sinatura do convenio, e foi pronunciada polo director xeral de Caixa Galicia, D. José Luis Méndez López, có título “O capital humano como motor de competitividade: a súa xestión en Caixa Galicia”. O día 25 de abril de 2005 na sala de xuntas da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais asinou o acordo de colaboración entre a Universidade da Coruña e o Instituto de Empresa Familiar, a Asociación Galega de Empresa Familiar, Inditex e Caixanova, polo que se crea a Cátedra de Empresa Familiar dentro do curso académico 2005-2006. A cátedra terá por obxecto a análise e a investigación desde todos os puntos de vista que se estimaren relevantes, e ocuparase de desenvolver o programa formativo e as tarefas de investigación que contribúan a mellorar a formación do alumnado nesta materia. A sede da cátedra situarase na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, e será dirixida por un/unha funcionario/a docente universitario/a elixido/a mediante unha convocatoria pública.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen informa de que os criterios para resolver a convocatoria de prazas de axudante vinculadas a grupos de investigación foron acordados polas comisións de Investigación e de Organización Académica e Profesorado e serán publicados na páxina web.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Estudantes quen informa da resolución da convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís, da que foi excluída unha delegación de estudantes por non ser asociación legalmente constituída. Tamén informa da finalización do estudo sobre a problemática do transporte universitario na provincia da Coruña, resultado do convenio asinado o 3 de setembro de 2004 coa Excm. Deputación Provincial da Coruña. A Vicerreitoría de Estudantes colaborou na recollida de datos ao enviar unha carta e una enquisa persoal aos estudantes da UDC e ao contactar con todos os concellos da provincia e cos operadores de transporte. O informe final será presentado á Deputación e as principais conclusións aos concellos e aos medios de comunicación. A utilidade do traballo é moi grande á hora de planificar racionalmente as diversas medidas de mellora do transporte.

O vicerreitor informa da celebración do Salón Monográfico da Educación Superior, que a Xunta de Galicia desenvolve os días 6, 7 e 8 de maio de 2005, e sobre cuxo contido deu conta a esta universidade na reunión celebrada en Santiago o día 12 de abril do presente ano. A UDC está facendo un grande esforzo para participar no Salón.

O vicerreitor informa tamén de que, xunto co vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, está a desenvolver un programa que, baixo o lema “O teu futuro en boas mans”, ten como finalidade a promoción da integración do ensino secundario e a formación profesional coa universidade. Nas diversas accións que inclúe destacan, entre outras, os premios UDC á excelencia educativa, a elaboración dun

ficheiro-guía para os directores e orientadores dos centros e a tarxeta de servizos miudc, da que informará o vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea.

Comenta por último a posibilidade de apuntarse en calquera momento ao programa de tratamento para deixar de fumar, dentro do plano universidade libre de tabaco.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, que informa da creación, dentro do programa “O teu futuro en boas mans” sobre o que viña de falar o vicerreitor de Estudantes, da tarxeta de servizos “miudc”. Esta tarxeta está destinada a estudantado e a profesorado de bacharelato e de FP e con ela poderán acceder a servizos da Universidade como préstamo bibliotecario en sala, comedor universitario, actividades culturais e deportivas, acceso á rede sen fíos da UDC (udcwifi), acceso a precursos da facultade virtual etc. Esta tarxeta será presentada no Salón da Educación Superior do que o vicerreitor de Estudantes xa informou. Ao tempo, desenvolveranse accións para que o profesorado de ensino secundario poida ofertar precursos dirixidos a estudantes dos últimos cursos de bacharelato e de FP, así como a estudantes de primeiro de universidade. Elaboraranse tamén planos dirixidos a mellorar a colaboración do profesorado de ensino secundario e a universidade, especialmente en proxectos de investigación e innovación.

O vicerreitor informa da publicación da proposta da comisión encargada de resolver a I Convocatoria de Contratos Programa para o Deseño Estratéxico e a Innovación na UDC. A comisión decidiu dedicar o 50% do orzamento destinado a material inventariable para os centros solicitantes, o 25% para os departamentos e o restante 25% para os servizos e para o profesorado.

O vicerreitor informa tamén da última reunión da comisión mixta creada polo Parlamento galego para a análise e seguimento da integración do SUG no EEES. Nesta xuntanza as universidades galegas expuxemos as accións que se realizaron ata o momento. Decidiuse iniciar contactos entre as tres universidades e a Dirección Xeral de Universidades (coa coordinación da ACSUG) para ver de homoxeneizar as normativas académicas que podían ser comúns as tres universidades co que se facilitaría a mobilidade dos estudantes no SUG. Acórdase que a primeira reunión sexa entre os presidentes das comisións de doutoramento e os/as vicerreitores/as implicados/as co que se podería aproveitar para tratar dos problemas de transición do actual doutoramento á nova situación derivada da implantación dos programas de posgrao. Esta reunión tivo lugar e nela acordouse iniciar o proceso técnico de elaboración de normativas.

A vicerreitora de Investigación convocará proximamente os directores de departamento e os coordinadores de programas de doutoramento para tratar desta problemática.

A vicerreitora de Organización Académica informa do cambio de nome da Oficina de Programas de Posgrao, que pasa a chamarse Unidade de Estudos Propios de Posgrao.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 16 DE MARZO DE 2005

Apróbase por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 16 de marzo de 2005.

3. ELECCIÓN DOS PROFESORES MEMBROS DA COMISIÓN DE PLANOS DE ESTUDOS

A secretaria xeral informa que, debido ao erro cometido na sesión anterior, contabilizou mal o número de candidatos como profesores membros da comisión de planos de estudos, que son 8 e non 7, polo que procede realizar a elección entre os candidatos proclamados definitivamente na sesión anterior. Segundo dispón o artigo 29 do Regulamento interno do consello de goberno, os sete profesores distribúense por ámbitos científicos: 1 de ciencias da saúde, 1 de humanidades, 1 de ciencias experimentais, 2 de ciencias sociais e xurídicas e 2 de ensino técnico. Os candidatos proclamados definitivamente son:

- | | |
|--|------------------------------|
| - Candedo Gunturiz, M ^a Dolores | Ciencias sociais e xurídicas |
| - Fernández Cervantes, Ramón | Ciencias da saúde |
| - Graña López, Manuel | Ensino técnico |
| - López Fernández, Teresa | Humanidades |
| - Naveira Fachal, Horacio | Ciencias experimentais |
| - Núñez Sal, Jaime | Ensino técnico |
| - Rodríguez Fernández, Ángel | Ensino técnico |
| - Rodríguez Gayán, Eloy | Ciencias sociais e xurídicas |

No ámbito de ensino técnico hai tres candidatos, polo que propón limitar a elección a este ámbito, unha cuestión que se aproba por asentimento.

Despois de ter lugar a elección, o escrutinio é o seguinte:

- | | |
|------------------------------|----------|
| - Graña López, Manuel | 22 votos |
| - Núñez Sal, Jaime | 2 votos |
| - Rodríguez Fernández, Ángel | 5 votos |
| - 1 voto en branco | |

Son proclamados electos os señores Graña López e Rodríguez Fernández.

4. ELECCIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN DE RECLAMACIÓNS DA UNIVERSIDADE

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa que, consonte o artigo 32 do Regulamento interno do Consello de Goberno, “a comisión de reclamacións de prazas de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, presidida polo vicerreitor que designe o reitor, estará composta por seis profesores dos corpos docentes universitarios, dos que catro terán que ser doutores, e un estudante. Na súa composición estarán representados os cinco ámbitos científicos e atribuirase un representante máis ao ámbito con maior número de profesores dos corpos docentes universitarios”. A secretaria xeral informa que o ámbito con maior número de profesores dos corpos docentes universitarios é o de ensino técnico. O procedemento de elección está fixado no apartado 2 do artigo 32.

Tras abrirse o prazo de candidaturas resultan proclamados, no sector do profesorado:

- | | |
|------------------------------|-------------------------|
| - Agrasar Quiroga, Fernando | Ensino técnico |
| - Colina Garea, Rafael | CC. sociais e xurídicas |
| - Fernández Cervantes, Ramón | Ciencias da saúde |

- Ladra González, Marcelino Ensino técnico
- Martínez Ansemil, Enrique Ciencias experimentais
- Tasset Carmona, José Luis Humanidades

No sector do estudantado:

- Santorio Moscoso, Diego

Ao ser o número de candidatos igual ao número de postos que hai que cubrir, e cumprindo os requisitos de composición da comisión, acórdase por asentimento entendelos elixidos sen necesidade de proceder á votación.

5. ACORDO DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PLANO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UDC E ELECCIÓN DOS MEMBROS

O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación sinala que, consonte o sinalado no artigo 3.2 do Regulamento interno do Consello de Goberno, este pode constituír en calquera momento comisións específicas para tratar temas concretos, cuxos membros poden selo tamén do Consello de Goberno ou non. Propón constituír unha comisión para a elaboración do plano de normalización lingüística da UDC, integrada polos seguintes membros: o vicerreitor responsable desta área, a directora do Servizo de Normalización Lingüística, 5 membros do PDI, un por cada ámbito científico, 3 estudantes e 3 membros do PAS. Logo de consultar os grupos de opinión dentro do Consello de Goberno propón que os membros sexan:

PDI

- | | |
|----------------------------|------------------------------|
| Xosé Ramón Freixeiro Mato | Humanidades |
| Antón Álvarez Sousa | Ciencias sociais e xurídicas |
| Primitivo González López | Ensino técnico |
| Eduardo González Gurriarán | Ciencias experimentais |
| Ramón Fernández Cervantes | Ciencias da saúde |

Estudiantado

- Avia González Veira
- Miguel Ratón Almuñía
- Ignacio Doce Díaz

PAS

- Salvador Peña Díaz
- Pilar Comesaña Pérez
- Susana Carballal Graña

A proposta **apróbbase por asentimento.**

6. APROBACIÓN DE CONVENIOS

A secretaria xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO III** desta acta.

Os convenios son **aprobados** por asentimento.

7. APROBACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DAS FACULTADES DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS E DE CIENCIAS

A secretaria xeral informa de que as xuntas das Facultades de CC. Económicas e Empresariais e de Ciencias aprobaron os proxectos de regulamento interno, que foron sometidos a informe da asesoría xurídica e que se corrixiron seguindo as indicacións do informe.

Os regulamentos internos das Facultades de CC. Económicas e Empresariais e de Ciencias, que se recollen nos **ANEXOS IV e V**, **apróbanse por asentimento**.

8. TRANSFERENCIA DO CAPÍTULO I AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA CANTIDADE CORRESPONDENTE AO COMPLEMENTO POR CARGO ACADÉMICO DE D. JUAN JOSÉ PERNAS GARCÍA

A secretaria xeral retira o punto da orde do día por estar pendente un informe do letrado asesor.

9. CONVOCATORIA DE ELECCIÓN PARCIAIS DE REPRESENTANTES DE ESTUDANTES NA XUNTA DO INEF-GALICIA

A secretaria xeral informa de que, segundo o informe da Asesoría Xurídica do que se deu conta no Consello de Goberno do 16 de marzo, só corresponde convocar eleccións parciais de representantes dos estudantes na xunta do INEF-Galicia, polo que se propón aprobar a convocatoria e o calendario que se achega no **ANEXO VI**.

Apróbase por asentimento a convocatoria e o calendario das eleccións parciais de representantes dos estudantes na xunta do INEF-Galicia.

10. CONSTITUCIÓN DE GRUPOS DO PLANO ESTRATÉXICO E ELECCIÓN DOS MEMBROS

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa sobre os prazos que hai que cumprir para elaborar o plano estratéxico da Universidade da Coruña. Logo de consultas cos grupos de opinión no Consello de Goberno, propón que a comisión de I+D+i sexa presidida pola vicerreitora de Investigación, e formen parte dela como membros do PDI os señores Cao Abad, Rego Veiga e Rodríguez Fernández, e como membro do PAS a Sra. Grela Barreiro; que a comisión de docencia sexa presidida pola vicerreitora de organización académica, e formen parte dela como membros do PDI os señores González Cabanach e González López (Primitivo), como membro do PAS a Sra. Grela Barreiro e como estudante a Sra. Canosa Ferrio; e que a comisión de

relacións coa sociedade sexa presidida polo vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, e formen parte dela como membros do PDI os Sres. Rodríguez Gayán e Suárez-Mira Rodríguez, como membro do PAS o Sr. Rilo López, e como estudante o Sr. González Veira.

A proposta **apróbbase** por asentimento.

11. MODIFICACIÓN DE CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN E TÍTULOS PROPIOS

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa das propostas de modificación dos cursos de especialización en Atención e Coidados a Persoas Maiores con Dependencia, en Intervención Integral na Poboación Emigrante e Inmigrante e en Intervención en Dependencia e Discapacidade. Tamén informa das propostas de modificación dos títulos propios de graduado en Arquitectura de Interiores, que suprime do plano de estudos a materia “A Cor na Arquitectura” (optativa de 6 créditos) e a substitúe por “Historia do Deseño Moderno e Contemporáneo” (optativa de 6 créditos), ao tempo que incrementa o prezo da matrícula ata 2480,98 euros, e de graduado superior en Xestión da Prevención, Calidade e Medio Ambiente, que cambia a modalidade da docencia de presencial a semipresencial.

Apróbanse por asentimento as modificacións que se recollen no **ANEXO VII**.

12. PROPOSTA DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre a proposta de premios extraordinarios de diplomatura e licenciatura do curso académico 2003/04.

A proposta, recollida no **ANEXO VIII**, **apróbbase** por asentimento.

13. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DA VENIA DOCENDI

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre o proxecto de Regulamento para a concesión de venias docentes aos profesores de centros adscritos á Universidade da Coruña, aprobado pola COAP o 25 de abril de 2005, que desenvolve o artigo 20 dos Estatutos, e introduce algunhas modificacións propostas pola mesa sindical na reunión do 26 de abril. Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Faíña Medín e López Fernández, para logo contestar o vicerreitor de Profesorado.

O regulamento de concesión de venia docente aos profesores dos centros adscritos á UDC, que se recolle no **ANEXO IX**, **apróbbase** por asentimento. A Sra. López Fernández abstense.

14. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE SELECCIÓN DO PROFESORADO FUNCIONARIO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre o proxecto de regulamento polo que se rexen os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios, aprobado pola COAP o 25 de abril de 2005, así como do informe do letrado asesor da UDC sobre a corrección xurídica da valoración da lingua propia da Universidade. Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Grela Barreiro, Fernández Cervantes, Rodríguez Gayán, González López, Puertas Agudo e Vidal Romaní, para logo contestar o vicerreitor de Profesorado.

O regulamento polo que se rexen os concursos de acceso a corpos de funcionarios dos corpos docentes universitarios, que se recolle no **ANEXO X**, **apróbase** por asentimento. A Sra. Grela Barreiro abstense.

15. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ELECTORAL DA UNIVERSIDADE

A secretaria xeral informa que a modificación foi proposta polo Sr. González Veira, polo que lle solicita que explique as razóns ao Consello de Goberno. Intervén o Sr. Camba, quen explica que pretende dar unha solución a unha situación que pode repetirse no futuro e que supón a infrarrepresentación dos estudantes. A secretaria xeral sinala que a aprobación da modificación suporía entrar nun proceso electoral que podería durar ata seis meses, que a incorporación de novos membros ás xuntas de centro e aos consellos de departamento cando xa foron elixidos os decanos e directores de centro e de departamento supón unha alteración das forzas que provoca inestabilidade, que as circunstancias especiais que se deron nas eleccións do 1 de decembro de 2004, polo longo período sen eleccións aos órganos colexiados non se repetirán no futuro, pois éntrase nunha dinámica de eleccións cada dous anos, e que o custo económico de repetir eleccións é moi elevado. Ábrese un debate en que intervén a Sra. Candedo Gunturiz.

Na votación a man alzada a proposta obtén 4 votos a favor, 23 en contra e 5 abstencións.

A proposta de modificación do regulamento electoral, que se pode consultar no **ANEXO XI**, **rexéitase** por maioría.

16. QUENDA DE INTERVENCIÓNS

O Sr. Rodríguez Gayán solicita que se tomen medidas para corrixir e eliminar no futuro a inundación dun baixo da Facultade de Dereito con augas fecais, que supón un problema de saúde pública. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental sinala que, ademais da resolución puntual do asunto, se está a elaborar un plano de sistema de saneamento do campus de Elviña, que non existe, para resolver a cuestión a longo prazo.

O Sr. González López solicita, por instancia da delegación de alumnos da EU Politécnica, que se concedan créditos de libre elección por actividades complementarias de formación e pola participación en asociacións e en órganos colexiados. A Sra.

Vicerreitora de Organización Académica toma nota da proposta e informa de que se está a elaborar o regulamento de libre elección.

A Sra. Rodríguez Amoroso propón que a Universidade da Coruña se posicione contra a directiva europea que pretende amparar as patentes de software, e que o asunto se trate nun próximo Consello de Goberno se agora non é posible adoptar unha posición institucional. O Sr. Reitor toma nota da solicitude.

O Sr. Puertas Agudo pide información sobre cinco bolsas convocadas para o Servizo de Obras da Universidade, en particular dos motivos de que se dirixan só a estudantes de Arquitectura. O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación informa de que os fondos para dotar as bolsas proceden dun convenio co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e que ese é o motivo.

O Sr. González Veira solicita ao vicerreitor de Estudantes que informe sobre a situación do CAF na EU de Arquitectura Técnica. O Sr. Vicerreitor informa de que é o segundo ano que o CAF protesta pola posición que adoptou o director da escola, dirixíndose tanto ao Reitor como á Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia pediu información e a intervención do vicerreitor, que xa escribiu ao director, que di que non ter que dar explicacións ata que exista un regulamento de asociacións na Universidade, ao que o vicerreitor lle contestou que, independentemente dese regulamento, hai que cumprir a lei e os Estatutos. O Sr. González Veira tamén solicita información sobre a convocatoria de axudas a programas de actividades estudantís, en particular por que só se subvencionan ata dez actividades e todas co mesmo importe, sen ter en conta que as actividades se poden realizar en diferentes centros. O Sr. Vicerreitor informa de que a comisión entendeu que non procedía valorar a importancia cualitativa das propostas, e que se centrou en criterios cuantitativos para evitar que unhas poucas asociacións levasen todas as axudas.

A Sra. Grela Barreiro solicita que o Consello de Goberno reflexione sobre a introdución da participación en órganos colexiados ou de representación como criterio de valoración nos concursos de acceso ou de méritos e pide prudencia.

O Sr. Camba solicita da Reitoría un posicionamento contrario ao desfile do Día das Forzas Armadas e que os representantes da Universidade da Coruña non participen nel de seren convidados. O Sr. Reitor indica que a posición da Universidade da Coruña se deixou clara no plano estratéxico. Tamén sinala que, como representante da Universidade, ten unha posición institucional que debe manter.

O Sr. Rilo López insiste en que ter en conta a participación nos órganos colexiados ou de representación é unha cuestión xa debatida, e que na UDC esa participación nunca foi retribuída, nin en diñeiro nin en especie. Solicita que este criterio se manteña así.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.10 horas.